

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DO MUSEO DE VILALBA

CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

- Artigo 1.- Co nome "ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DO MUSEO DE VILALBA" constitúese unha asociación con plena capacidade xurídica e sen ánimo de lucro. Rexerase polos presentes Estatutos, ó abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación vixente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable. A Asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco constitucional e o resto do ordenamento xurídico.
- Artigo 2.- Son fins principais da Asociación:
- a) Apoiar e colaborar no funcionamento e actividades do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.
 - b) A defensa, difusión e conservación do Patrimonio Cultural e Natural en xeral e, especialmente, do patrimonio arqueolóxico de Galicia.
 - c) Desenvolver todo tipo de actividades dirixidas a satisfacer as demandas e iniciativas culturais dos asociados, individualmente ou en colaboración con outros colectivos de similares fins.
- Artigo 3.- Para levar a cabo os seus fins, a Asociación poderá organizar as seguintes actividades:
- a) Actividades de carácter social e cultural, como ciclos de conferencias, seminarios, cursos, exposicións e actos semellantes.
 - b) Viaxes e rotas pola xeografía galega, española e internacional para un coñecemento integral da arqueoloxía e da Historia en xeral.
 - c) Outras actividades de interese cultural co fin de conseguir unha participación activa, dinámica e democrática dos seus membros.
 - d) Elaboración e edición de materiais informativos ou calquera outro tipo de publicación para a difusión do Patrimonio Cultural e Natural.
 - e) Procurar doazóns, legados ou depósitos de obxectos arqueolóxicos e outros materiais para incrementar os fondos do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.
- Artigo 4.- O domicilio social da Asociación establécese no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, sito na Rúa Dr. Domingo Goas, 2, 27800 Vilalba (Lugo). Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais noutros lugares, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta destes cambios ó Organismo encargado do Rexistro de Asociacións.
- Artigo 5.- A Asociación, en función dos seus fins e da situación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 6.- A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

CAPÍTULO II: DOS ASOCIADOS

- Artigo 7.- Poderán ser integrantes da Asociación todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar que formalicen a súa inscrición e satisfagan as cotas establecidas.
- Artigo 8.- Dentro da Asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:
- a) Fundadores: aquelas persoas que subscribiron a Acta Fundacional ou de Constitución da Asociación, gozando dos mesmos dereitos e cumprindo cos mesmos deberes cos establecidos para os Socios Numerarios nos artigos 9 e 10 destes estatutos.
 - b) Numerarios: aquelas persoas que ingresen con posterioridade á subscripción da acta fundacional.

- c) Honorarios: persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, destaquen de xeito notable no desenvolvemento dos fins da Asociación e do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.
- d) A Asociación poderá establecer, mediante acordo da Asemblea Xeral, a figura doutros tipos de socios como protectores, infantís, xuvenís e/ou simpatizantes.

- Artigo 9.- Os Socios Numerarios teñen os seguintes dereitos:
- a) Participar nas Asembleas da Asociación con voz e voto.
 - b) Poder elixir e/ou ser elixidos para cargos directivos.
 - c) Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación cumprindo os seus fins.
 - d) Gozar de tódalas vantaxes e beneficios ca Asociación poda obter.
 - e) Ter copia destes Estatutos.
 - f) Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
 - g) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
 - h) Facer suxestións ou propostas ós membros da Xunta Directiva para mellorar o cumprimento dos fins da Asociación.
 - i) Que se lle poña de manifesto o estados de contas, ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.
 - j) Aqueles outros dereitos contemplados na normativa legal vixente.
- Artigo 10.- Son obrigas dos Socios Numerarios:
- a) Cumprir os acordos válidos da Asemblea Xeral e Xunta Directiva, co contido dos presentes Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno.
 - b) Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
 - c) Asistir ás Asembleas Xerais.
 - d) Satisfacer as cotas que se establezan.
 - e) Observar unha boa conduta individual e cívica no ámbito da Asociación e respecto cara ó Patrimonio Cultural.
- Artigo 11.- Os asociados honorarios, infantís, xuvenís colaboradores e protectores non intervirán na dirección da Asociación, nin nos órganos de representación da mesma, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto. Terán as obrigas e dereitos ca Asemblea Xeral determine para cada caso, podendo gozar da exención ou redución das cotas que se establezan. Para os Socios Protectores estableceranse as cotas oportunas.
- Artigo 12.- Os acordos de admisión de asociados e asociadas serán tomados pola Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través de representante, a solicitude será autorizada polo representante, pai ou titor do solicitante, e acompañarase cunha acreditación da identidade do solicitante.
- Artigo 13.- A condición de asociado pérdese:
- a) Por vontade propia, cursando solicitude de baixa á Xunta Directiva, previo abono das cotas pendentes, se as houbera.
 - b) Por falta de pago nas cotas de dúas anualidades.
 - c) Por expulsión motivada pola realización de accións que prexudiquen gravemente ós intereses ou fins da Asociación ou causen dano grave moral ou material ó Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.
- Artigo 14.- A expulsión de asociados será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria. Cando a baixa se produza por vontade propia dun asociado, este deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.
- Artigo 15.- Os asociados poderán pedir a baixa por escrito. A Xunta Directiva poderá acordar a baixa temporal dun asociado cando se estea tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que así o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de Réxime Interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

- Artigo 16.- A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- Artigo 17.- O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre tanto unha, como a outra. O Presidente será elixido pola Asemblea Xeral para un mandato 4 anos, podendo renovarse un número máximo de dúas veces.
- Artigo 18.- A Xunta Directiva estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e un número de Vocais de tres como mínimo e cinco como máximo; Será vocal, de oficio, o Director do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.
Os cargos elixiranse pola Asemblea Xeral e durarán un período de 4 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección.
Os cargos da Xunta Directiva renovaranse por metades; Na primeira rolda serán renovados o Vicepresidente, o Secretario e a metade dos Vocais, e na segunda, dous anos despois, o Presidente, o Tesoureiro e a outra metade de Vocais.
- Artigo 19.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.
- Artigo 20.- Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función por:
a) Defunción da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
b) Renuncia voluntaria.
c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos.
d) Acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por 2/3 dos asociados reunidos en Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.
A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor.
As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva, debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.
- Artigo 21.- É función da Xunta Directiva programar e dirixir as actividades asociativas, levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do exercicio anterior.
Asemade procederá a convocar e fixar a data da Asemblea Xeral, establece-las cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designar as Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para a boa marcha da Asociación, ditar normas internas de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan encomendadas pola Asemblea.
- Artigo 22.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente ou o Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente ou o Secretario, por esta orde.
Para cos acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, de catro dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.
O Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.
- Artigo 23.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións ca propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades.

- Artigo 24.- A Asemblea Xeral de asociados é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma. O Presidente e o Secretario de Asemblea serán os mesmos cos da Xunta Directiva.
- Artigo 25.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou sexa solicitado polo 10% dos socios. Neste caso realizarase por medio dun escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.
- Artigo 26.- A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente dentro dos tres primeiros meses de cada ano. As Asembleas serán convocadas polo presidente da Xunta Directiva, cunha antelación mínima de 25 días a Ordinaria e 10 a Extraordinaria. A notificación da convocatoria farase por correo ó domicilio dos asociados ou por outros medios considerados válidos.
- Artigo 27.- Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:
- Aprobar a acta da reunión anterior.
 - Aprobar o plan de actividades.
 - Examinar e aprobar a memoria de actividades.
 - Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
 - Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
 - Exame e aprobación das cotas.
- Artigo 28.- Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:
- Modificar os Estatutos da Asociación.
 - Aprobar a federación con outras Asociacións.
 - Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca dos bens sociais.
 - Acordar a disolución da Asociación.
 - Designar os liquidadores da Asociación.
 - Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
 - Aprobar o regulamento de Réxime Interno da Asociación.
 - Elixir os integrantes da Xunta Directiva, determinando o número de Vocais.
 - Nomear Socios Honorarios
 - Ratificar a expulsión de asociados a proposta da Xunta Directiva.
 - As que sendo de competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
 - Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.
- Artigo 29.- Para cas Asembleas poidan tomar acordos, necesitarase a presenza, en primeira convocatoria, da metade máis un dos asociados con dereito a voto, ou transcorrida meda hora, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número deles.
- Artigo 30.- Os acordos adoptados deberán contar co voto afirmativo da maioría simple dos socios con dereito a voto, presentes ou representados, agás nos apartados a) ó g) do artigo 27 , que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ó Libro de Actas e asinará o Presidente e o Secretario da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.
- Artigo 31.- Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados, incluso ós non asistentes.
As sesións abriranse cando así o determine o Presidente. Seguidamente procederase por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada. Posteriormente o Secretario procederá a expoñer a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.
Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederase, se a Presidencia o considera oportuno ou o solicitan o 10% dos asociados inscritos no rexistro de socios, a facer unha rolda de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantará a sesión por parte do Presidente.
- Artigo 32.- Os acordos que atenten contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará aberta a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

- Artigo 33.- O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 17, as seguintes atribucións:
- Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, decidindo co seu voto de calidade en caso de empate.
 - Propoñer o plan de actividades da asociación a Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
 - Ordenar os pagamentos acordados validamente.
 - Representar á Asociación perante calquera organismo público ou privado.
 - Asinar as actas, certificados, pagos ou outros documentos da Asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva a que lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.
- O Presidente será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente, quen ademais, o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.
- Artigo 34.- O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle así mesmo notificar as convocatorias e custodiar as actas e expedir certificacións das mesmas, co visto e prace do Presidente.
Ó Secretario correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da Asociación nun libro establecido ó efecto.
- Artigo 35.- O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará contas dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económica.
O Tesoureiro ten a obriga de proceder ó peche do exercicio económico antes do 31 de decembro, con fin de que as contas estean a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.
- Artigo 36.- Os Vocais terán as seguintes atribucións:
- Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
 - Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV: DO RÉXIME ECONÓMICO

- Artigo 37.- A asociación no momento de inicia-las súas actividades dispón dun patrimonio de cero euros.
- Artigo 38.- A Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro, e se obtiver posibles beneficios económicos como consecuencia das súas actividades, incluídas a prestación de servizos, aqueles deberán destinarse exclusivamente ó cumprimento dos seus fins.
- Artigo 39.- A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual, o peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural. O borrador do presuposto será elaborado polo Tesoureiro da Asociación a fin de que poda ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.
- Artigo 40.- A Asociación manterase dos seguintes recursos:
- As cotas periódicas dos asociados.
 - As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
 - As doazóns ou subvencións que se poidan recibir de órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
 - Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.
 - Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.
- Artigo 41.- As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, non sendo reintegrables en caso algún e dedicándoas a atender as necesidades da Asociación.

- Artigo 42.- Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos asociados durante un prazo non inferior a quince días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.
- Artigo 43.- Anualmente, no prazo que establece o artigo 25, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral Ordinaria.
- Artigo 44.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas sinaturas na entidade bancaria correspondente o Presidente e o Tesoureiro, para a utilización conxunta deles.
- Artigo 45.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados os recursos obtidos pola Asociación.

CAPÍTULO V: DO REGULAMENTO DO RÉXIME INTERNO

- Artigo 46.- O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en caso algún en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso, o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPITULO VI: DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

- Artigo 47.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou da cuarta parte dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria para a súa modificación estará acompañada do texto cos cambios propostos, abrindo un prazo de 30 días para que calquera socio poida dirixir á Secretaría da Asociación as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 15 días á realización da mesma.
- Artigo 48.- Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos dous terzos dos membros da Asemblea Xeral de socios, presentes ou representados.
- Artigo 49.- A Asociación disolverase polas seguintes causas:
- a) Pola vontade dos asociados acordada polas dúas terceiras partes dos mesmos en Asemblea Xeral convocada a tal efecto.
 - b) Por outras causas determinadas pola lexislación vixente.
 - c) Por sentenza xudicial en firme.
- Artigo 50.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociados liquidadores, que xunto ó Presidente e o Tesoureiro, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando as débedas, cobrando os créditos e fixando o haber líquido resultante.
- Artigo 51.- O haber líquido resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación Cultural non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación. O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da mesma.